

Disposición derogatoria

Quedan derogadas as disposicións regulamentarias de igual ou inferior rango en canto se opoñan ao disposto neste decreto.

*Disposicións derradeiras**Primeira.-Desenvolvemento normativo.*

Facúltase a conselleira de Sanidade para adoptar as medidas necesarias para a aplicación e execución do disposto neste decreto.

Segunda.-Entrada en vigor.

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e un de outubro de dous mil dez.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

María Pilar Farjas Abadía
Conselleira de Sanidade

Orde do 27 de outubro de 2010 pola que se desenvolve o procedemento para o nomeamento e prórroga do persoal emérito no ámbito sanitario.

A disposición adicional cuarta da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde permite o nomeamento, con carácter excepcional, de persoal emérito entre licenciados sanitarios xubilados cando os méritos relevantes do seu currículo profesional así o aconsellen, sendo desenvolta esta previsión lexislativa na Comunidade Autónoma de Galicia por Decreto 36/2010, do 11 de marzo, polo que se regula o procedemento para o nomeamento de persoal emérito no ámbito sanitario.

O citado Decreto 36/2010, do 11 de marzo, na súa disposición derradeira primeira, faculta a persoa titular da Consellería de Sanidade para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución deste e, de conformidade con esa facultade, esta orde vén desenvolver o procedemento, regulando todos os aspectos relativos a este nas súas diferentes fases.

De acordo co anterior, e no uso das competencias e atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:*Artigo 1º.-Obxecto.*

O obxecto desta orde é o desenvolvemento do procedemento para o nomeamento e prórroga do persoal

emérito no ámbito sanitario regulado no Decreto 36/2010, do 11 de marzo.

Artigo 2º.-Inicio do procedemento.

1. O procedemento de nomeamento do persoal emérito iniciárase pola xerencia de xestión integrada que corresponda ao posto de traballo que desempeñaba antes da súa xubilación a persoa cuxo nomeamento se solicita.

No suposto de partir a iniciativa de nomeamento de persoal emérito das distintas corporacións e institucións públicas relacionadas co ámbito sanitario, estas haberán de presentar a solicitude na xerencia indicada no parágrafo anterior no momento que determine a Resolución da Xerencia do Servizo Galego de Saúde á que fai referencia o artigo 2º, punto 2 desta orde.

As solicitudes de nomeamento de persoal emérito que, eventualmente, sexan presentadas por persoas físicas ou xurídicas diferentes ao órgano competente para a iniciación do procedemento entenderanse como mero exercicio de dereito de petición, e, en consecuencia, a non contestación a estas será sempre desestimatoria da petición deducida consonte o artigo 43.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As xerencias de xestión integrada iniciarán os procedementos, de ser o caso, no momento sinalado pola Resolución da Xerencia do Servizo Galego de Saúde que para estes efectos será publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

A dita resolución deberá especificar, en cada caso, o número de persoas que poderán ser nomeadas persoal emérito, tendo en conta as limitacións para o efecto establecidas no artigo 10 do Decreto 36/2010, do 11 de marzo, e nas ordes de desenvolvemento que se diten en execución da disposición adicional única deste.

Artigo 3º.-Instrución do procedemento.

1. Publicada a Resolución da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a xerencia de xestión integrada correspondente solicitará de cada profesional proposto a seguinte documentación:

a) *Curriculum vitae*.

b) Proxecto de actividades no que se especificará con carácter mínimo os obxectivos, o método, a área de traballo e o tipo de actividades a realizar, así como a planificación do número total de horas anuais dedicadas a estas actividades co límite máximo de 700 horas.

c) Toda aquela outra documentación que sexa de interese para a valoración dos méritos.

2. Así mesmo, a xerencia de xestión integrada, expedirá a seguinte documentación:

a) Certificación na que conste o cumprimento dos requisitos enumerados nos números 1, 2, 3 e 4 do artigo 3 do Decreto 36/2010, do 11 de marzo.

b) Certificación acreditativa da capacidade funcional necesaria para realizar as actividades de consultoría, informes e docencia recollidas no proxecto de actividades recollido no punto 1 b) deste artigo expedida pola Unidade de Prevención de Riscos Laborais do Servizo Galego de Saúde pertencente á xerencia de xestión integrada que inicia o procedemento ou polo órgano que en cada momento se estableza.

c) Informe complementario no que se fundamentará detalladamente a importancia da incorporación da persoa para a consecución dos obxectivos establecidos para o centro sanitario e para os usuarios en xeral e se especificará ademais a viabilidade do proxecto.

d) Informe sobre o historial profesional da persoa proposta, con indicación dos servizos prestados no Servizo Galego de Saúde e, de ser o caso, noutros Servizos de Saúde do Sistema Nacional de Saúde, o labor desenvolvido no ámbito asistencial e as súas contribucións nos eidos da asistencia sanitaria, a docencia e a investigación.

3. A xerencia de xestión integrada, unha vez completada a documentación, a elevará á Xerencia do Servizo Galego de Saúde no prazo máximo dun mes desde a publicación no *Diario Oficial de Galicia* da Resolución da Xerencia do Servizo Galego de Saúde. Pola Xerencia do Servizo Galego de Saúde comunicase á persoa proposta o inicio do procedemento.

Artigo 4º.-*Comisión de valoración.*

1. A Xerencia do Servizo Galego de Saúde dará traslado dos diversos expedientes ao presidente/a da comisión de valoración prevista no artigo 7 do Decreto 36/2010, do 11 de marzo.

Con respecto ao proxecto de actividades presentado valoraranse os proxectos, plans ou iniciativas que contribúan coa súa efectiva posta en marcha a mellorar as prestacións do Servizo Galego de Saúde conforme as liñas estratéxicas determinadas pola Consellería de Sanidade.

2. Unha vez considerados os méritos de todos os expedientes a comisión elevará proposta motivada á Xerencia do Servizo Galego de Saúde.

A dita proposta non poderá conter un número superior de persoas que o determinado na Resolución da Xerencia do Servizo Galego de Saúde.

Artigo 5º.-*Finalización do procedemento.*

1. A Xerencia do Servizo Galego de Saúde dará traslado da proposta remitida á persoa titular da Consellería de Sanidade, quen resolverá sobre o/s nomeamento/s unha vez oído o Consello Asesor do Sistema Público de Saúde de Galicia.

2. O prazo máximo de resolución deste procedemento será de tres meses e os efectos da falta de resolución expresa serán desestimatorios, de conformidade co disposto no artigo 44.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 6º.-*Procedemento de prórroga do nomeamento.*

1. Poderá prorrogarse anualmente o nomeamento do persoal emérito.

2. A prórroga do nomeamento, que será avaliada a proposta da xerencia de xestión integrada á que estea adscrito o persoal emérito e coa conformidade deste, requirirá a subsistencia dos mesmos requisitos exixidos para o seu nomeamento e deberá ter entrada na Xerencia do Servizo Galego de Saúde cun mes de antelación á data de finalización do nomeamento inicial, ou, se é o caso, da eventual prórroga.

De non recibirse ou recibirse fóra do prazo sinalado a proposta de prórroga procederase á extinción do nomeamento do emérito.

3. A xerencia de xestión integrada emitirá, xuntamente coa proposta de prórroga, certificado do cumprimento dos mesmos requisitos exixidos para o seu nomeamento, nova certificación acreditativa da capacidade funcional, así como informe xustificativo da prórroga do nomeamento en función das necesidades da institución así como expresivo das funcións desenvolvidas polo emérito, con valoración motivada dos obxectivos acadados.

Para estes efectos a xerencia de xestión integrada solicitará os informes que estime necesarios á unidade asistencial ou á unidade directiva na que o profesional sanitario preste os seus servizos como persoal emérito.

4. A xerencia de xestión integrada remitirá o expediente de prórroga completo á Xerencia do Servizo Galego de Saúde, que dará traslado deste á comisión de valoración, para os efectos de que realice proposta motivada sobre a conveniencia ou non da prórroga proposta.

Para estes efectos a comisión poderá solicitar dos distintos departamentos da Consellería de Sanidade, do Servizo Galego de Saúde e dos centros asistenciais cantas aclaracións, informes ou documentos considere necesarios para efectuar a súa proposta.

5. A comisión de valoración elevará a súa proposta á Xerencia do Servizo Galego de Saúde que, pola súa vez, dará traslado desta á persoa titular da Consellería de Sanidade, quen resolverá sobre a autorización ou denegación da prórroga do nomeamento.

Artigo 7º.-*Extinción do nomeamento.*

Unha vez extinguido o nomeamento de persoal emérito haberá que aterse ao disposto no artigo 12 do Decreto 36/2010, do 11 de marzo.

Disposición transitoria

Única.-Atribución de funcións.

Mentres tanto non se creen as estruturas organizativas de xestión integrada ás funcións atribuídas ás

xerencias de xestión integrada continuarán a ser exercidas polos directores/as xerentes de atención especializada ou de atención primaria.

Disposicións derradeiras

Primeira.-*Desenvolvemento.*

Facúltase a xerente do Servizo Galego de Saúde para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-*Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2010.

María del Pilar Farjas Abadía
Conselleira de Sanidade

II. AUTORIDADES E PERSOAL

b) NOMEAMENTOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Orde do 26 de outubro de 2010 pola que se substitúen dous membros do Consello Galego de Consumidores e Usuarios.

De acordo coa proposta efectuada pola presidenta do Instituto Galego de Consumo, e en virtude do establecido no artigo 7.2º, en relación co artigo 5.2º do Decreto 127/1998, do 23 de abril, polo que se crea o Consello Galego de Consumidores e Usuarios,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Substituír como membro titular do Consello Galego de Consumidores e Usuarios, de acordo co establecido no artigo 7.1º e) do Decreto 127/1998, do 23 de abril, polo que se crea o Consello Galego de Consumidores e Usuarios, a Mª Isabel Garrido Blanco por Mª Josefa García Hermida, da Federación Galega de Euroconsumo.

Artigo 2º.-Substituír como membro suplente do Consello Galego de Consumidores e Usuarios, de acordo co establecido no artigo 7.1º e) do Decreto 127/1998, do 23 de abril, polo que se crea o Consello Galego de Consumidores e Usuarios, a Ana Isabel García Rodiño por Mª José Abelenda Rodríguez, da Federación Galega de Euroconsumo.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2010.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria

UNIVERSIDADE DE VIGO

Resolución do 28 de outubro de 2010 pola que se nomea a Manuel Fernández Jauregui xerente da Universidade de Vigo.

Realizados os trámites e recibidos os informes requiridos polos estatutos da Universidade de Vigo e no uso das competencias que me recoñecen os artigos 20 e 23 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro (BOE do 24 de decembro), de universidades,

Esta reitoría resolveu nomear a Manuel Fernández Jauregui para o cargo de xerente da Universidade de Vigo con efectos do 1 de novembro de 2010, percibindo polo exercicio deste cargo as retribucións así consignadas no orzamento de gastos desta universidade.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderán os interesados interpor recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Non obstante, poderán optar por interpor recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contados desde o día seguinte ao da publicación; neste caso non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo ata a resolución expresa ou por silencio administrativo do recurso de reposición.

Vigo, 28 de outubro de 2010.

Salustiano Mato de la Iglesia
Reitor da Universidade de Vigo

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 18 de outubro de 2010 pola que se declaran de utilidade pública diversas asociacións inscritas nos rexistros de asociacións desta comunidade autónoma.

Por iniciativa das correspondentes asociacións poderán ser declaradas de utilidade pública aquelas que reúnan os requisitos establecidos no artigo 32 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociacións.

Os expedientes foron instruídos de conformidade co previsto no Real decreto 1740/2003, do 19 de decembro, sobre procedementos relativos a asocia-